

IDENTIFICACIÓN EN GANDO VACÚN



XUNTA DE GALICIA

IDENTIFICACIÓN EN GANDO VACÚN

1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

REQUISITO 1.- Que os animais bovinos presentes na explotación estean correctamente identificados de xeito individual.

REQUISITO 2: Ter o libro de rexistro da explotación correctamente cumprimentado, coincidindo os seus datos cos animais presentes na explotación e na base de datos de identificación e rexistro, e conservándoo polo menos durante tres anos.

REQUISITO 3: Comunicar en prazo á base de datos de identificación e rexistro os nacementos, movementos e mortes

REQUISITO 4: Ter para cada animal da explotación un Documento de Identificación Bovina (DIB), e que os datos contidos nos DIBs sexan acordes cos dos animais presentes na explotación e cos rexistrados no libro de rexistro.

Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)

- [Regulamento \(CE\) 1760/2000](#) Sistema de identificación e rexistro de bovinos e etiquetado da carne de vacún e dos seus produtos.
 - Artigo 4: Requisitos e condicións do mercado auricular da especie bovina.
 - Artigo 7: Requisitos e condicións do pasaporte e do rexistro dos animais da especie bovina.

Normativa Nacional de referencia (segundo o [Real Decreto 486/2009](#))

[Real Decreto 1980/1998](#), polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.
[Real Decreto 479/2004](#), polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.
[Real Decreto 728/2007](#), polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movemento de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.



2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

1. Recoller as marcas de identificación na Oficina Agraria Comarcal (OAC). Se o desexa, tamén pode traballar cunha entidade identificadora autorizada.
2. Colocar as marcas nos animais, antes dos 20 días de idade. Se vende os animais antes desa idade, deben saír da explotación xa identificados.
3. Declarar o nacemento do animal, a través da Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>), ou ben chamando ao teléfono de atención ao cidadán (012). Debe facelo antes dos 7 días da identificación do animal, e polo tanto, a máis tardar, no prazo máximo de 27 días dende o nacemento. Se traballa cunha entidade identificadora, esta realizará a declaración.
4. Despois de declarar o nacemento, recibirá na súa casa o DIB correspondente ao animal, que debe conservar na explotación.
5. Se un animal perde algunha das marcas, debe solicitar inmediatamente un duplicado, a través da Oficina Agraria Virtual (OAV), chamando ao 012 ou a través dunha entidade identificadora, e colocalo novamente en canto o reciba.
6. Se vende ou compra un animal, sempre debe ir acompañado do seu DIB. Se un animal morre, debe entregar o DIB ao responsable da recollida do cadáver, ou no seu caso entregalo na OAC no prazo de sete días.
7. Se compra un animal, debe notificar a súa incorporación á explotación no prazo de sete días. Pode facelo a través da OAV, chamando ao 012, ou na OAC. Neste caso, o animal debe ter un novo DIB ao seu nome.
8. Se vende ou traslada un animal, debe tamén notificar a saída da explotación, polas mesmas vías, e igualmente no prazo de sete días.
9. Os animais nados, as saídas de animais da explotación, e as entradas á mesma, deben anotarse inmediatamente no libro de rexistro. Se realiza correctamente todas as comunicacións, pode obter o seu libro de rexistro na OAV.
10. Gardar o libro de explotación ata tres anos despois de vender os animais.



3.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

Para acceder á Oficina Agraria Virtual, precisa un número de identificación persoal, que se lle facilitará na Oficina Agraria Comarcal.

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade, pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.mediatorural.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>)

IDENTIFICACIÓN EN GANDO VACÚN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR